

Resolución do 24 de novembro de 2023 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre a unha praza de vixiante municipal no concello de Rábade (código de procedemento PR461E).

Na sesión que tivo lugar o día 24 de novembro de 2023 o tribunal nomeado pola Resolución do 19 de outubro de 2023 (DOG núm. 207, do 31 de outubro), de conformidade coas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

Primeiro. Informar aos opositores de dous erros detectados na resolución de 8.11.2023 publicada na web da Agasp:

1. Onde di: "Para a corrección deste exercicio terase en conta a normativa en vigor na data da publicación da convocatoria do Diario Oficial de Galicia (5 de maio de 2023)"

Debe dicir: "Para a corrección deste exercicio terase en conta a normativa en vigor na data da publicación da convocatoria do Diario Oficial de Galicia (**14 de xuño de 2023**)."

2. No apartado g):

Onde di: "A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

$$N=(A-F/3)/10"$$

Debe dicir: "A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

$$N=(A-F/3)/5"$$

Segundo. Anular a cuestión número 48 por estar repetida, sendo substituída pola cuestión de reserva número 51.

Terceiro. Segundo resolución de 8 de novembro serán convocadas a realización do terceiro exercicio (probas físicas) as **5 persoas aspirantes que resulten aprobadas con mellor cualificación na proba de avaliación de coñecementos**, sempre que superaran o exercicio de acordo co establecido nas bases da convocatoria e sexan aptas na proba de coñecementos da lingua galega ou estean exentas da súa realización, **así como todas aquelas persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a 5 mellor cualificación na proba de coñecementos.**

De acordo co exposto pasan a realizar o terceiro exame os nove aspirantes coas mellores cualificacións, xa que o aspirante coa quinta mellor nota obtivo unha cualificación de 9,20 ,

tendo idéntica puntuación os que se encontran en sexta, sétima, oitava e novena posición. Estes nove aspirantes que pasan a realizar o terceiro exercicio estaban exentos da realización do segundo exercicio (proba de galego).

Cuarto. De acordo co establecido na base sexta da convocatoria deste proceso selectivo, publícase xunto con esta resolución os seguintes anexos:

- Anexo I coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións obtidas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.
- Anexo II coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións obtidas no mesmo, por orde alfabética.
- Anexo III dos aspirantes a convocar para a realización do terceiro exercicio.

As persoas que non figuren nestas listaxes por non presentarse a realización dos exercicios quedan excluídas automaticamente do proceso.

Concedese un prazo de cinco (5) días a efectos de alegacións as cualificacións obtidas no primeiro e segundo exercicio, que corresponde cos días 27, 28, 29, 30 de novembro e 1 de decembro de 2023.

As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a dita sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas facer trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo a Carpeta do cidadán da persoa interesada.

No caso de que a solicitude de participación no proceso se fixera por calquera outro medio as alegacións realizaranse accedendo á sede electrónica da Xunta de Galicia (sede.xunta.gal) e presentando o modelo PR004A, que se dirixirá á Academia Galega de Seguridade Pública.

Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente da sede electrónica da Xunta de Galicia, deberá remitirse unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa

presentación ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal, antes das 23:59 horas do 1 de decembro de 2023.

Cando as alegacións se refiran a desconformidades coa cualificación outorgada deberase indicar claramente as preguntas concretas que a persoa interesada se refira para poder comprobar a procedencia ou non da alegación.

Cuarto.

Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da AGASP esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

A Estrada, asinado dixitalmente

A presidenta do Tribunal

Amara García Senín